Esto tiene una cosa que los que hemos tenido tratos con Hollywood y hemos salido vivos del intento, lo cual no es poco, sabemos que para Hollywood las lenguas, las lenguas de cada país, el polaco, el catalán, el portugués, el español o el gallego, el gallego si lo ofrecen, son materia prima. Es decir, se considera que es un valor, una materia prima tan importante como la materia prima forestal o la materia prima geológica o la materia prima industrial y ellos lo saben y están dispuestos hasta a doblar las películas en polaco, como ocurrió con el caso cuando se montó Canal Plus Polonia recientemente, son ellos mismos los que si de verdad se exige que haya un mercado en polaco se oyó: "pues bueno, de acuerdo, pues nosotros las doblamos las películas en polaco", ante el gran pasmo de los dirigentes políticos polacos que creían que no, que estaban condenados a consumir las películas americanas en americano y con un comentario en polaco por encima, algo realmente siniestro y que simplemente lo único que fomentaba era el colonialismo todavía más porque dado que llegan esos productos, que lleguen por lo menos en la lengua de cada uno. Pues bien, los americanos están dispuestos, totalmente dispuestos a considerar que eso es una materia prima, pero evidentemente si existen esos cauces, esos canales y si existe evidentemente una demanda. Tiene que haber una demanda y esa demanda evidentemente tiene que venir, como en el caso de la Generalitat, vino astutamente del honorable Pujol.

Bueno, creo que podemos discutir de muchísimas cosas en el coloquio, prefiero hacerlo en el coloquio. Solamente quiero decirles que todos estos nuevos *media* además, incluidos los de Internet, incluidos los discos CD-ROM, lo primero que venden, lo que venden ante todo son, fíjense bien, diccionarios, enciclopedias, libros de texto etc., etc. O sea, que lo que nos va a llegar on line a través de esa pantalla del ordenador, lo que nos está llegando ya, lo que vende Internet, lo que vende en los CD-ROM, son justamente los productos de la educación y eso puede llegar perfectamente en gallego porque, insisto, ese audio, esa banda sonora, ese doblaje, como se quiera llamar, no es un problema técnico y además no es un problema económico. Pero evidentemente si no lo piden, seguirán llegando enciclopedias, películas, libros, fascículos técnicos, todo en otro lenguaje que no tiene nada que ver con el que aquí nos ocupa hoy. Nada más.

MANUEL RIVAS

Moitas gracias por escoitarnos. Vainos deixar un momentiño pero volve agora Juan Cueto.

Ben, eu teño por aquí algúns papaventos así para botar. O fundamental é que aproveitemos o tempo coas vosas intervencións, co intercambio, simplemente eso e unha pequena paréntese mentres volve Juan. Un dos papaventos era insistir precisamente esto que falou el da lingua como materia prima. Eu penso que está moi ben a perspectiva digamos conservacionista. Mesmo hai, dentro do ecoloxismo hai dous campos ou dúas actitudes. Unha que se centra digamos no proteccionismo, en non tocar determinadas paraxes da natureza, conservalas virxes, pero despreocuparse un pouco de todo o resto do espacio planetario, que xa está urbanizado e todo iso. Hai outra actitude, que eu penso que é máis integral, máis ampla, ecoloxista, que intenta presentar unha alternativa global ó planeta. Eu penso que coa lingua tamén se dan un pouco estas dúas actitudes. Hai unha actitude conservacionista que é interesante, que o galego, a nosa lingua, é un patrimonio sentimental importante que non podemos deixar que desapareza, pero que a nosa vida pode desenvolverse aínda tendo eso aí no baúl e sacando de vez en cando os días de festa. Os sentimentos están moi ben e hai que telos, é fundamental, posiblemente sen romanticismo non tería sobrevivido esta lingua. Pero hai a actitude que di: a lingua é tamén unha industria, a industria da lingua, é unha riqueza como dicía el, falaba dos bosques, por exemplo no último balance económico en Holanda do Producto Interior Bruto inclúese xa o valor dos bosques, contan os bosques. Eu penso que poderiamos incluír as linguas tamén, en pouco prazo posiblemente xa se fale do valor económico das linguas. Pensemos por exemplo nun país, xa por non falar de Inglaterra onde a música pop (e os Beatles) é a primeira fábrica, representa o segundo sector en importancia da exportación. Pois podemos fixarnos en Irlanda que ten poucos máis habitantes que Galicia e onde a música está tamén no segundo posto como actividade económica practicamente. Entón eu penso que non podemos perder os queixos efectivamente nin o sector lácteo nin a pesca. É importante esa mercadoría dos átomos pero temos que empezar a fabricar con todo o entusiasmo posible. Se aquí se fan antenas parabólicas ou paranoicas aí en Televés, ¿por que non podemos facer películas e por que non podemos facer cancións que se vendan, que se exporten mundo adiante e que nos dean proxección?

Xa temos aquí a Juan entón abrimos, se vos parece, un turno.

Alá ó final hai levantada unha man.

CARME HERMIDA

Son Carme Hermida, son profesora de lingua galega na Facultade de Xornalismo e quería facerlles unha pregunta ás catro persoas presentes na mesa, pero antes vanme permitir que me retrotraia un pouquiño no tempo para ver se podemos centrar un pouquiño máis a pregunta. Cando se analiza a pouca presencia que ten o galego nos medios de comunicación, (aquí os medios que emiten ou que se escriben en castelán si introducen unha cantidade de galego que non pasa do 3%), pois cando se intentaba explicar por qué non se superaba nunca ese 3%, sempre había moitas explicacións. Unha era que os xornalistas non están formados en lingua galega, entón cando nós poidamos formar

xornalistas con competencia en lingua galega vai haber máis galego na prensa. Na actualidade temos xornalistas formados en lingua galega, con competencia en lingua galega, con intención de traballar en lingua galega e, sen embargo, non aumentou o galego na prensa. Tamén se lle daba como explicación que os receptores ían responder mal á presencia do galego. Hai un libro que saíu o ano pasado, *A Información en galego,* de onde se lle fai unha enquisa ós subscritores dos xornais de toda Galicia e o índice de persoas favorables á maior galeguización dos medios de comunicación supera o 80% e son subscritores elixidos ó chou. Polo tanto tampouco nos vale esa explicación. Outra explicación era que non había suficiente fluxo de información xerada en galego. Na actualidade a propia Administración autonómica xa crea información suficiente para que aumentase a porcentaxe de galego na prensa periódica; e sen embargo seguimos no 3%.

Sempre había a intuición de que a pouca presencia do galego era debida ás directrices empresariais dos medios galegos, esas sociedades anónimas ou sociedades limitadas. Intuíase, pero os propios xornalistas declaraban que non había directrices empresariais con respecto ó uso do idioma. Eu, neste momento, pola experiencia que están vivindo persoas que queren traballar en galego e ás que se lles está prohibindo traballar en galego nos medios galegos, creo que efectivamente a culpa é das empresas.

Entón, a miña pregunta é: ¿en que medida dende a sociedade podemos presionar ás empresas xornalísticas para que aumenten o número de información redactada en galego?

Moitas gracias e perdoen a extensión.

MARGARITA LEDO

Ben, eu voulle dicir a Carme algo que xa coñece. Tamén retrotraéndome á historia, houbo un momento en que o galego entra nos medios escritos ós que ti te refiriches porque variaran as fontes de información. Xusto na transición cando as fontes informativas pasan a ser as asociacións de veciños, os movementos sindicais, a rúa, os xornalistas seguindo un código profesional case natural, que non lles fai falta nin aprendelo, trasladaba como un elemento avaliativo máis da información, como unha materia prima máis da información para saber interpretala, entendendo coa lectura sempre interpretativa, trasladaba a lingua en que se expresaba a fonte. Ó inicio dos oitenta houbo unha variación profunda na política editorial e pasouse a informar exclusivamente en español e a deixar o galego de novo para responsabilidade persoal dos colaboradores para as seccións de chistes, porque parece que pasan mellor o humor en galego, para os suplementos de festas e o etc. que todos máis ou menos coñecemos. Polo tanto, é obvio que houbo unha toma de posicións, por razóns políticas que non ten que ver co que pasou por exemplo en Cataluña. Tampouco ten que ver o sector de empresarios dos medios de comunicación en Galicia co comportamento doutros sectores empresariais: Por exemplo, Pescanova no 73, a primeira gran flota conxeladora, pon a andar nomes en galego. Eu naquel momento estaba facendo un programa alternativo en Radio Lugo, con Manolo Caamaño e con Lois Diéguez, cun empregado dunha ferretería que tiña unha magnífica

voz, con Tonina Gai que nos facía toda a montaxe, e con Fole, con quen tomabamos café para que nos dera ideas. No Café Regio diciamos: "don Ánxel, don Ánxel, ¿como lle imos chamar a esta noticia?" E dicía don Ánxel: "si señor, esa noticia, o galego mar adiante". Non nos enganemos, o que ten a propiedade dos medios aínda está convencido de que o seu mercado require o castelán, pero penso que está convencido por razóns fundamentalmente de crenza, porque xa neste momento os propios departamentos de *marketing* poderían orientar as pesquisas con outros tipos de variantes e daríalles resultados parecidos ós dos libros que ti xa comentaches. Ben, ¿que é o que está pasando? Está pasando que hai un tipo de aposta que non se pretende facer, que se podería facer por razóns técnicas, que se podería facer mesmo por razóns comerciais. Polo tanto, agora que estamos nun espacio para expresar todas as posibilidades, eu coido que melloraría a realidade se se retirasen as subvencións para o galego das noticias estradas polos fondos de páxina e en temas catastróficos. É dicir, non cobrar polo galego. Só subvencionar aquelas publicacións que sexan representativas polo idioma que utilizan. No último DOGA –podo sacar o DOGA do maletín pero non quero estragar a carqueixa e o toxo que saíron do maletín de Manolo– hai subvencións a publicacións que non tiveron nin sequera un número cero, que non existen, cando este é un país de números cero. Sempre sae un número cero para unha subvención, despois non sae máis. Pero é que neste caso, e vaian ó DOGA, nin sequera existe ese número cero nunha das sociedades que aparecen subvencionadas. É dicir, se entramos na casuística serían miles os exemplos ou a utilización oportunista do galego en medios en castelán: ¿por que teñen que cobrar por meter un par de liñas, un titular e un recadro en galego dentro de determinadas noticias? De feito, nos medios radiofónicos desde que se empezou a pagar pola lingua desde as institucións, desapareceron os informativos en galego e só reaparecen para cobrar. Desapareceron na COPE, si, si, na COPE, que creara os primeiros grandes informativos en cadea, que se oían en toda Galicia a mediados dos setenta. Foi unha medida política o decidir pasar os informativos a español anque a COPE tiña toda unha tropa de xornalistas adestrados durante unha década e máis dunha década en lingua galega. Polo tanto, é unha decisión exclusivamente de política empresarial. Entón que non nos fagan pagar por iso. Que pague directamente a publicidade porque non imos estar pagando unha cota máis por unha utilización puramente mercantil, xa non entramos aí nos factores que xogan no mercado da lingua (…) como material unicamente de valor engadido neste sentido. Ben, alongueime moito e teño que largarme a unha entrega de premios…

MANUEL RIVAS

Si, para que nos dea máis tempo a máis intervencións imos tirar así en plan…

JAUME GUILLAMET

Vamos a ver. En Cataluña el resurgimiento del catalán en la prensa ha sido siempre fruto de la presión social, nunca de las subvenciones. Es decir, la política de catalaniza-

ción del gobierno autónomo ha pasado por la creación de una Corporación Catalana de Radio y Televisión pero las subvenciones a la prensa en catalán han sido simbólicas, nunca han sido importantes. Han sido tan simbólicas que *La Vanguardia* y *El Periódico* nunca se sintieron motivados para hacerles caso.

La presión social ¿cómo se ha llevado a cabo? Haciendo periódicos locales, haciendo periódicos culturales. Toda esa prensa local diaria y semanal que resurgió en los sesenta en un bilingüismo cada vez más monolingüe y que se consolidó en los setenta con prensa exclusivamente en catalán, es fruto de la presión social, de los periodistas, de los escritores locales, de los catalanistas. Incluso el diario *Avui* es fruto de esa presión social. El diario *Avui* es un diario sin empresa y ese ha sido después su problema. Fue un diario creado con una campaña de cuentas de participación en la que mucha gente puso 10.000 pesetas o 15.000 pesetas y de ahí salió el diario. Es decir, que la prensa en catalán es fruto de una presión social.

Quiero señalar de todas formas un dato importantísimo, no habría que equiparar la limitación del diario *Avui* en el mercado con la inviabilidad de la prensa en catalán, de la prensa diaria en catalán y el hecho es que en las ciudades de otras provincias y comarcas la presión ha llegado a que los empresarios de prensa locales se pasasen al catalán, como en el caso de Girona, o que practiquen un cierto bilingüismo. Yo he hablado de diarios en castellano en Lérida, Tarragona, Sabadell y Terrassa pero no son exclusivamente en castellano. Pueden tener un 10, un 15% de catalán, depende de los casos según la presión social se mantienen más o menos. En el caso del diario *Avui* es importante señalar que nunca ha sido un diario competitivo. Ha sido siempre un diario con menos fuerza empresarial, que nunca ha estado en condiciones de competir en el mismo terreno con los grandes diarios. Antes de salir el *Avui* los empresarios decían: "no va a ser rentable". Cuando *Avui* fracasó dijeron: "veis, no era rentable". Después hubo la gran catástrofe de la prensa diaria durante los años ochenta en que Barcelona pasó de tener once diarios a tener tres y en esa situación lo que se impone es un conservadurismo que en según que aspectos incluso podría ser conservacionismo, depende de como se mire. Pero de alguna forma el debate sobre la catalanización de la prensa diaria de Barcelona ha desaparecido, es decir, la presión social para la catalanización de *La Vanguardia* o para la catalanización de *El Periódico* no se manifiesta. También es cierto que si algún diario en castellano prototípico hay en Barcelona es *La Vanguardia*, que durante cuarenta se llamó además *La Vanguardia Española*, como es bien conocido y cuyos propietarios han hablado siempre el castellano a partir de la segunda generación.

MANUEL RIVAS

Moi rapidamente. Eu penso que as empresas que son evidentemente moi sensibles. Antes no café comentabamos que nos chamaba a atención o pouco que a banca en Galicia se comprometeu co galego, cando eso si é algo claramente conseguido en Cataluña. O pouco que se usa na banca, nos caixeiros e todo eso o galego e que é unha conquista

case mínima. Eu penso que se non está acadada esa conquista porque os bancos si que son moi sensibles, é dicir, bastaría posiblemente que moi pouca xente fixera unha presión, que escribira e que tal… E o mesmo penso dos periódicos. Eu podería contar moitísimas experiencias desde dentro, desde os xornais e de épocas distintas e de tal. Pero independentemente da ideoloxía e do que teñan na cabeza os editores e os propietarios, son empresas, é dicir, empresas cada vez máis sensibles precisamente porque o mercado é moi duro e teñen que competir e son moi sensibles ó que poidan pensar os seus clientes, os seus consumidores. Evidentemente eles trátannos fundamentalmente como consumidores, nós temos que revelarnos contra esa condición e ademais de ser consumidores ser cidadáns porque é un proceso ademais grave que se está a dar en moitas partes e esa confusión de converter ó cidadán simplemente nun consumidor. Entón para min a receita é clarísima, efectivamente, a de presión social. Poderiamos falar cousas concretas como articular eso e como podería darse resposta; pero vou rematar a historia dicindo: por desgracia en grande medida neste país, incluso a boa xente ou moita boa xente emprega enerxías nun sentido negativo absolutamente. Eu alucino cando collo os xornais e mesmo os xornais escritos en galego e onde aparecen a maioría das cartas pois para poñer a parir a Carlos Núñez. Xente que emprega o seu tempo, porque digo: "co escaso que anda o tempo", non, e a xente chega a casa e di: "pois teño dúas horas por diante". En vez de dicir: "vou escribir unha carta pois á Voz de Galicia dicindo que empregue máis o galego", escribo unha carta para poñer a parir a Carlos Núñez porque dixo non sei que da *ghaita*. É unha historia realmente sobre a que deberiamos meditar, é dicir, en que empregamos as nosas enerxías. Nada máis.

MARGARITA NEIRA

Son Marga Neira. A miña pregunta vai dirixida a Jaume Guillamet. Xa me contestou unha delas porque ía dirixida ás subvencións. Agora entendo porque no *País* e *La Vanguardia* non hai nada en catalán. En segundo lugar quería saber se me podía dicir cál é a tirada do *País* en Cataluña, se a sabe, non sei se a dixo, non me dei conta.

JAUME GUILLAMET

El País sí que publica en catalán. Tiene un cuaderno de ocho páginas pero además cada jueves publica un suplemento que se llama Q*uadern*, en catalán de temas culturales. Es decir, lo publica desde el 82 si no me equivoco.

MARGARITA NEIRA

¿Podería saber qué tirada hai do *País* en Cataluña e dese semanario, dese *País* que se vende co semanario en catalán?

JAUME GUILLAMET

Sí, los últimos datos que yo tengo contrastados que son del 95, la tirada media, siempre los datos de OJD son la tirada media anual que varía según los días pero que es media, son

unos 60.000 ejemplares diarios. Entonces la tirada del *Quadern* sería la tirada de los jueves. El jueves es de los días de tirada media yo diría. En Cataluña *El País* los domingos llega a 120.000 probablemente, o más porque sube mucho y habrá algún día bajo que quedará en un 45 ó 50. Es posible que el jueves que es el día del *Quadern*, se quede en los 60.000 ejemplares.

MARGARITA NEIRA

Ou sexa, que non hai ningunha incidencia de venta.

MANUEL RIVAS

¿Hai máis peticións de palabras?

XULIÁN MAURE

Eu son Xulián Maure. Eu quería insistir no que dixo Marga e eu creo que a pouca presencia do galego hoxe na prensa e en concreto na prensa con tradición como pode ser *La Voz de Galicia*, é as subvencións. Creo que se chama mal as subvencións, que se lles podía chamar aínda "fondo de reptís" e que vou dar un dato. Cando Luís Álvarez Pousa levaba o suplemento cultural estaba todo en galego e non baixaba a compra a xente non rexeitaba ese suplemento, ó contrario, tiña unha fama importante. Hoxe non fan nada se non cobran e ademais eso sírvelle, todos eses cobros, para ter a prensa tapada ante o señor que paga. Nada máis.

MANUEL RIVAS

Ben, máis intervencións por aí.

ROSARIO ÁLVAREZ

Son Rosario Álvarez. Eu póñome un pouco nerviosa cando se fala de niveis de audiencia e de difusión que se poden tender a utilizar para segundo que cousas. Eu pregúntolles ós integrantes da mesa, posto que son expertos nos medios e en concreto a Guillamet, porque o coñecerá máis directamente, se o diario *Avui* vende só os 40.000 exemplares por estar en catalán ou se vende 40.000 exemplares gracias a estar en catalán, e en definitiva o índice de vendas está en relación coa calidade de *Avui* fronte ós outros periódicos. E digo isto porque, trasladado a nós, teño sempre medo de que, digamos, o relativo fracaso ou fracaso absoluto, non sei, de *O Correo Galego* se acabe atribuíndo ó feito de estar en galego e non se teña en conta que a causa real pode estar na baixa calidade do xornal.

MANUEL RIVAS

Ten que deixarnos Margarita. Moitas gracias. Tiña outro compromiso.

JAUME GUILLAMET

El diario *Avui* cuando apareció en abril de 1.976 fue un diario que fue recibido con un

gran alborozo, todo el mundo lo deseaba. Hubo una gran fiesta en la calle ante el primer ejemplar. Durante los primeros meses en la última página figuraba la cifra de tirada del día anterior. Al cabo de unos meses dejó de publicarse esa cifra de tirada porque descendía. El diario *Avui* hizo una tirada extraordinaria de 120.000 ejemplares el primer día y luego durante un año se situó sobre los 60-50.000 ejemplares. Cuando yo llegué al diario como subdirector y que cada día recibía los boletines de la imprenta de tirada, estábamos sobre los cuarenta y tantos. Es decir, estábamos ya en la fase de estabilidad. En los últimos años ha oscilado por encima y por debajo de los 40.000. Hay un amigo mío, ex-director del diario *Avui,* que cuenta una anécdota significativa. Jordi Pujol, al día siguiente de la salida del periódico encontró en casa siete ejemplares, porque tenía siete suscripciones. Mi amigo sólo encontró cuatro, porque tiene menos hijos que el actual presidente de la Generalitat. Es decir, el *Avui* es un diario donde se concitaron grandes esperanzas y donde mucha gente se suscribió y esa suscripción no significa en muchos casos la falta de compra de otro periódico. Es decir que, durante mucho tiempo hubo muchos hogares donde entraba otro periódico, léase *La Vanguardia* o léase otros diarios que hemos olvidado pero que fueron importantes en aquel momento, año 76, *El Correo Catalán*, *Diario de Barcelona*, *Telexprès,* etc. El *Avui* era el catalán, el diario en catalán. Al no ser competitivo, al ser un diario con una estructura empresarial débil y con unos recursos escasos, cuando la competitividad se acrecentó en los años siguientes y murieron muchos periódicos, *Avui* tuvo sin duda la virtud de sobrevivir.

Murieron todos excepto *La Vanguardia* y *Avui*, de los diarios que existían el día que salió *Avui*. Es decir que, algún mérito tiene haber sobrevivido gracias a esa fidelidad, pero *Avui* no ha sido un diario de referencia, ha sido un diario complementario. Siguen entrando en algunas casas más de una suscripción por fidelidad y en la mayoría de las casas de lectores del *Avui* entran también otros diarios. *Avui* ha tenido un elemento que le ha perjudicado en los últimos años que ha sido su adscripción política. *Avui* fue fruto de un proyecto unitario donde todo el mundo puso su grano de arena y durante los primeros años, antes de las primeras elecciones generales, antes del regreso del presidente Tarradellas, cuatro años antes de las elecciones autonómicas y del Estatut, durante esos años *Avui* fue un diario que se podía leer, donde todo el mundo se podía encontrar bien y yo viví precisamente la época del cambio y duré poco tiempo. Duré dos años y medio y no hubo lugar para mí en el *Avui* de después del 82. *Avui* ha sido un diario muy beligerante a favor de candidatos nacionalistas en diversas elecciones y eso también le ha marcado. Es decir, es un diario marcado políticamente y no competitivo empresarialmente. Esos 40.000 ejemplares son fijos, son un patrimonio sin duda importante. Junto a *La Vanguardia* es el diario con más suscriptores de Barcelona. Debe ser uno de los diarios con más suscriptores de España seguramente, pero los datos serían un poco estos. No sé si contesto del todo a la pregunta o si incluso me excedo en la respuesta pero hay que tener en cuenta esos datos y quizá otros para entender la existencia de ese diario y sus posibilidades.

De todas maneras a mí me gustaría decir una cosa sobre la cantidad en estos casos que estamos hablando y que no hay que ponerse nerviosos. No hay que ponerse nerviosos tampoco porque yo creo que la batalla de la prensa catalana o la batalla del catalán, como decía Jaume, que está en buen momento, ganada por decirlo así. La prensa no tiene digamos el nivel cuantitativo, es simplemente la que causó la gran normalización. La que hizo que las elites, por decirlo así, no discutieran jamás ya del problema si tenía que ser en catalán o no catalán ciertas otras cosas y eso no es un problema de cantidad, es un problema de prestigio y esa batalla se ganó con esos periódicos y con otros pero en otros terrenos. Para decirlo crudamente y utilizando algo que sé que no está de moda, por lo menos en este país, que es la distinción entre elites y masas, aunque realmente no está de moda porque como cuando más controlan las elites menos se quiere que se hable de las elites, pero bueno, es decir, miren ustedes, esas batallas y la de la lengua en primer lugar, las tiene que ganar la opinión pública de los líderes de opinión de las elites para que luego después la impongan como presión por arriba y por abajo y tiene que ser también a la vez con una presión de las masas. Es lo que antes se hablaba aquí, era Jaume el que lo decía, de la presión social y la presión social no es el número de ejemplares de *Avui* y del *País* en catalán, es los líderes de opinión como un solo hombre detrás diciendo que esto es indiscutible, eso es indiscutible y, por lo tanto, ay del banco catalán que no dé los servicios en catalán porque se le van los clientes o ay de la película x que no sé qué que no pasan doblada en catalán porque va a tener menos clientes etc., etc. Pero yo vuelvo a insistir en que aquí de lo que se trata es de la batalla de las elites al lado de la batalla de las, digamos, de consumo de masas o como lo queramos llamar pero que esa batalla es clave. Y esa batalla se puede plantear, y perdonad que lo diga así, hasta en castellano. Es decir, luchar por la lengua castellana en los sitios que sea (…) mejor, si ahora ya no se habla, ya no se transmite el gallego en el hogar, a partir de lo que viene no sabemos cuál puede ser realmente el centro de la lengua materna en este país, en esta región, en esta autonomía.

Bien, pero vuelvo a insistir en que la batalla del catalán la ganaron las elites en combinación justamente con una tradición y con una cultura muy vieja y con una política cultural muy astuta; tan astuta, por ejemplo, como la que existía antes, nada menos que utilizar las armas del enemigo, es decir, el cine imperialista norteamericano, etc., etc., como los pronunciábamos o lo seguimos pronunciando si quieren pero con las masas escuchando en catalán. Y, claro, realmente es una política muy astuta la de combinar los dos asuntos. Y, en este momento, por ejemplo el periódico *El País,* al que tú te refieres ahora no edita más en catalán porque no vende más en catalán, pero no te preocupes que si se vendieran diez ejemplares más, se haría, si no se perdieran y se vendiesen más, se haría. Esa no es la batalla. La batalla es que también tuvo que pasar por ahí, tuvo que hacer ese el *Quadern*, tuvo que hacer una redacción costosísima en Barcelona, tuvo que realmente pagar la cuota, en este caso de una batalla, que no es cuantitativa, vuelvo a

insistir, no es cuantitativa, es realmente, en primer lugar de reflexión, de vanguardia y de muchas más cosas.

JAUME GUILLAMET

Si, yo quisiera subrayar que en esa batalla ha sido importantísimo el movimiento popular catalanista que no son las masas pero son grupos importantísimos de gente que han dejado muchas horas. Muchos periodistas hemos hecho semanarios al salir del trabajo en nuestro barrio, en nuestra pequeña ciudad pero a nuestro lado había gente que trabajaba en un banco y que llevaba la administración también gratuitamente, es decir, ha sido un movimiento popular amplio.

Volviendo al tema anterior de las cifras, los cuarenta mil no son los importantes. La cifra de difusión de prensa diaria en catalán es ochenta mil, son los cuarenta mil del *Avui* más los quince mil del *Punt* que es el diario que vende más en la provincia de Girona, más los siete mil del *Diari de Girona,* más los ocho mil de *Regió 7* de Manresa, más los cinco mil de… etc., es decir, salen ochenta mil.

Las cifras, estoy de acuerdo en que siempre son relativas pero nos ayudan a dibujar sobre todo oralmente ese mapa de las cosas.

MANUEL RIVAS

Ben, hai máis intervencións, son as sete e cuarto.

ROSARIO ÁLVAREZ

Eu insisto un momento porque non sei, ó final, se me queda clara a primeira resposta de Guillamet que eu a entendín á galega. Quero dicir máis claramente, se *Avui* fose un bo periódico, o seu teito non estaría en corenta mil.

Quero dicir que o teito non está no consumo do catalán senón que o teito está no teito ó que pode chegar un diario como *Avui*. O teito non está nos exemplares que vende *O Correo Galego*, senón nos que podería vender se fose un bo periódico en galego. É dicir, se *A Voz de Galicia* estivese redactada integramente en galego probablemente non vendese menos exemplares dos que vende senón que vendería máis, polo que moitos, que estamos moi cabreados coa *Voz de Galicia,* en vez de lela na cafetería iriámola comprar.

JAUME GUILLAMET

En el año 79 salió *Punt Diari* en Girona y existía un diario que desde hacía cuarenta años tenía el monopolio. Se llamaba *Los Sitios de Gerona* y tenía una difusión de 8.000 ejemplares. Al cabo de cinco años *Punt Diari* había superado a *Los Sitios de Gerona* y al cabo de unos años más *Los Sitios de Gerona* se convirtió en *Diari de Girona* en catalán de forma que este es el caso más claro de todos, es decir, en una situación monopolizada por el diario en castellano, puede salir un diario en catalán que cambia la situa-

ción y que además aumente el espacio porque si en Gerona se vendían 8.000 diarios provinciales en la época, actualmente se venden 25.000 entre *El Punt* y el *Diari de Girona* y los diarios de la zona siguen con su cuota un poco disminuida. Sin duda, esos diarios han restado espacio a *Avui* porque en Girona *Avui* vende 2.000 ejemplares pero, claro, para quien quiere leer en catalán ya tiene *El Punt* y ya tiene el *Diari de Girona*. Sin duda, non eludo la respuesta, si *Avui* hubiera sido un buen periódico y hubiera sido competitivo, no se habría quedado en 40.000.

JUAN CUETO

De todas las maneras Jaume ¿puede darme la cifra de *Avui* en Internet? Porque *Avui* está en Internet y en Internet se consulta cualquier catalanoparlante del mundo y no sé si las cifras son importantes o no pero la presencia, y fue una de las primeras presencias de los periódicos españoles en Internet, como periódico electrónico, hace que realmente esa cuota de mercado se la esté ganando a pulso, y hay mucha gente que consulta, catalanoparlantes que están en Estados Unidos, en Venezuela, en otros sitios por ahí fuera, que se conectan simplemente por el placer lingüístico de tener una publicación en catalán.

JAUME GUILLAMET

De todas formas, a mi sobre eso de Internet hay algo que me preocupa, es decir, me da la impresión de que muchos usuarios de Internet que consultan desde Wisconsin o desde New Jersey el *Avui* o *La Vanguardia* son universitarios. Es decir, tengo la impresión de que estamos aún en esta fase y que luego en verano bajan totalmente las consultas.

JUAN CUETO

Bueno, es una conexión diaria de treinta millones, hay de todo.

JAUME GUILLAMET

Esa es una broma que últimamente hacían en la Universidad unos jóvenes, es decir en la batalla entre los partidarios y los contrarios de Internet –yo no me encuentro entre los contrarios aunque lo pueda parecer– alguien decía: "Si, bueno, pero de momento quien lo consulta son los universitarios, están con becas y demás".

MANUEL RIVAS

Ben, pero os universitarios existen tamén, son clientes tamén, quero dicir…

JAUME GUILLAMET

Es un proceso a medio plazo, estoy de acuerdo contigo.

JUAN CUETO

Pero vamos a ver, el problema es que en este país hay muy pocas pantallas por hogar todavía. En Estados Unidos está lleno de pantallas por hogar y en Francia en medio. Es

decir, como eso va a ser la segunda televisión que vamos a tener por narices, es un electrodoméstico más al que estamos condenados, pues realmente, mejor que esté que no esté. Si lo único que quiero decir es que todas las lenguas minoritarias, todas las culturas que tienen problemas de identidad lo aplican, o sea, y todas las revoluciones, estoy poniendo el caso de Chiapas, lo primero que hacen es colocarse en Internet. Es más, en Chiapas, como ustedes saben, la gran reunión de verano, este verano que fue la señora de Mitterrand, entre otros, también Mitterrand que ha sido uno de los golpes mediáticos, como se llama, más importantes y ha sido convocado por Internet. Es decir con el periódico ya basta, que todos los días vas ahí y lo ves ¿Qué quiere decir con eso? Que es un buen instrumento y que te sales del ámbito en este caso catalán, entras en contacto con los universitarios, estupendo, que los universitarios norteamericanos lean en catalán, con lo que sea. Pero vuelvo a insistir en la necesidad de estar presente en los nuevos espacios de la comunicación.

MANUEL RIVAS

Eu fico moi preocupado porque tódalas cuestións que se formularon aquí parece que o único problema que temos respecto dos medios e da lingua é exclusivamente coa prensa escrita e eu penso que a batalla se está a xogar noutro lado e realmente o que temos que pensar é en números, en porcentaxe de xente e que cousas eu non sei, eu penso que, en fin, sería interesante escoitar outras reflexións. Pero, ben, hai máis palabras pedidas, me parece, alí arriba ¿non?

Estamos moi na Ghalaxia Gutemberg, aínda. Non sei, parece que todo pasa pola *Voz de Galicia*.

XESÚS FERRO

A min gustaríame dicir algo que dese claridade, aínda que, se cadra, o meu punto de vista introduce máis confusión. A miña idea é que Galicia é unha etnia ben diferenciada pero que, pola súa peculiar paisaxe, historia e carácter, non reacciona coma outras comunidades: o pobo galego revisou os prexuízos que contra a lingua lle meteran na cabeza e hoxe acepta a súa lingua nos ámbitos máis diversos, se lla dan; pero non loita por iso. Na xustiza van emitidas máis de tres mil sentencias en galego e non houbo unha protesta. Na publicidade os estudios promovidos polo *Consello da Cultura Galega* evidencian que o galego vende ben. Na liturxia, outros estudios amosan o mesmo e confírmanse, por exemplo, coa asistencia de 6.000 persoas de toda Galicia a unha romaxe, porque a misa é en galego e porque expresa, nun rito nada rutinario, a unión da fe e da galeguidade. No ensino contemplamos tamén a plena aceptación do galego como obxecto e como vehículo de estudio. Na radio e na televisión acontece o mesmo: a *Radio Galega*, que emite exclusivamente en galego, é líder de audiencia e a *Televisión de Galicia* tamén o é nalgúns momentos. Os galegos electrízanse con Milladoiro e con Carlos Núñez. Pola contra, o número de persoas que en Galicia din estar en contra do

avance do galego é insignificante. O noso pobo identifica o galego como a lingua natural e maioritaria de Galicia e apoia o proceso de emerxencia dela pero esa emerxencia ou normalización é resultado do impulso de centos de intelectuais, políticos e simples militantes dun galeguismo que non é monocromo. Dito doutra maneira, se non hai máis galego, é porque o cura, o profesor, o notario, o avogado ou o político non queren.

O problema, polo tanto, está en que entre os chamados a dirixi-la sociedade, porque ela nos deu estudios, hai tamén persoas que simplemente *se deixan levar*, en vez de seren locomotoras. Neste mesmo Congreso díxose que, mentres a maioría dos alumnos aceptarían un ensino exclusivamente en galego, o número de profesores que ensinan en galego nesta Universidade é o 16%. E, poño outro caso, mentres a maioría dos curas e fieis falan o galego, as misas na nosa lingua non chegan ó 10%. Logo os avances ou non corresponden ó que é posible ou non corresponden ó que a xente quere.

Para a miña idea os problemas non se clarifican descargando responsabilidades noutro grupo. E polo tanto temos que recoñecer que entre nós, o que o pobo chama *xente estudiada*, hai colegas educados para traballar nunha sociedade predemocrática que non adaptaron o seu traballo á nova realidade autonómica. Eu podo contar que, un ano que fun director do instituto, propúxenlle ó claustro un compromiso mínimo pero significativo a prol do galego e non me apoiou nin un profesor. Eu podo contar que en certa ocasión o Consello de Administración de *Larsa* houbo de toma-la decisión de etiqueta-los seus productos en galego pero un publicista tiroullo da cabeza aducindo, con mentira, que dispoñía de estudios de mercado que dicían que en galego ían vender menos. Cando a xente común vai onda o médico, o notario, o avogado ou o profesor, percibe con certa frecuencia que a cúspide da pirámide social non impulsa a emerxencia da lingua galega. Eu non sei se as Universidades galegas da democracia estarán creando cadros cunha mentalidade lingüística máis actualizada. Espero e desexo que si.

Pero se este sector frea porque non impulsa, hai outro que frea porque desencanta. Fronte ó mandato de Castelao de *Non lle poñer chatas á obra: hai sitio para todos*, hoxe respírase un pequeno sectarismo, de raíz eclesiástica, que se formula así: *Fóra do meu grupo non hai salvación*, de xeito que todo o que nós non controlemos, parécenos malo ou sospeitoso. Dicídeme: ¿non é certo que hai un sector do nacionalismo no que se leva face-la risa da *Radio Galega*, a pesar de que emite exclusivamente en galego –ata o punto de negarse a facerlle publicidade en castelán ó *Corte Inglés*– e de que é líder de audiencia en Galicia e leva a nosa lingua a través da Internet a todo o mundo? ¿non é certo que se leva face-la risa da *Televisión Galega*, coma se as outras foran radicalmente mellores, e a pesar de ter enganchados 50.000 nenos ó *Xabarín Club* e de estarse preparando para transmitir tamén pola Internet en tempo real? ¿non é certo que se leva mirar con displicencia *O Correo Galego*, a pesar de se-lo único xornal que temos en galego? ¿non é certo que, en cambio, ninguén fiscaliza o labor dos poderosos medios de comunicación que introducen o castelán na intimidade doméstica, onde nunca entrara, e que pasaron de facer algo en galego a facelo só se a Xunta llelo paga? Practícase aquí hoxe

un certo canibalismo coa *Televisión de Galicia*, a *Radio Galega* e o *Correo Galego,* que xa se practicou hai anos coa revista *Teima* e co *Instituto da Lingua Galega.*

Non sobran as manifestacións do 25 de xullo. ¿Como van sobrar? Pero eu sospeito que se gañan máis importantes batallas con xestos menos solemnes, como son escritura-lo piso en galego, ou pedi-la factura do coche en galego, ou poñe-la esquela do pai en galego ou preferir un xornal na nosa lingua. E, dende logo, mirando as esquelas dos xornais, un diría que é raro que lle morra un parente a un galeguista. É importante mercar un xornal en galego, e nisto discrepo da profesora Rosario Álvarez: eu merco o *Correo* a cotío; tamén leo outros, pero merco *O Correo* porque é a única maneira de que sobreviva e de que outros Consellos de Administración poidan pensar en crear un segundo e mellor xornal en galego.

Non sei se estou achegando claridade ou confusión. Quero dicir que onde se dá a batalla da normalización non é no pobo, senón nas clases media e media alta, en moitos casos xente estudiada e conservadora. Vencelos paréceme difícil. Convencelos paréceme necesario, porque, como dicía Otero Pedrayo, *aquí todos somos conversos*. Ninguén nace galeguista. O galeguismo é o resultado dunha reflexión longa, persoal e cordial, que nós temos que estimular con actitudes integradoras. Non sobran os sindicalistas da lingua, pero fáltannos captadores que clarifiquen as ideas e toquen o corazón. Temos que discurrir como corrixir nuns esa falta de perspectiva política e noutros esa falta de unidade na policromía.

Sexa como for, se o pobo, sen nós, non dará aclimatado a lingua galega na Cátedra, no Tribunal e no Altar, xa demostrou que, sen nós, é quen de conservala viva *in saecula saeculorum*. O que periga non é a lingua, senón a categoría social da lingua. Non está en perigo a supervivencia senón a normalización.

XOSÉ ROSALES

Teño que dicir que estou perfectamente de acordo co que se acaba de dicir e, por exemplo, con respecto ó *Correo Galego*, eu cando *O Correo Galego* saíu, estaba emocionadísimo e teño que dicir que, por exemplo a miña Universidade conseguiu, ten unha suscrición *ó Correo Galego*, a pesar de que sexa un xornal que se poida mellorar moitísimo e pola miña parte, eu pensei que o primeiro que podemos facer é que se sae un xornal en galego, é, por exemplo neste caso apoialo. Este é o primeiro punto.

O segundo punto é un pouco máis práctico, é con respecto a ¿que é o que podemos facer os cidadáns da rúa? ¿Que tipo de presións sociais se poden facer para cambiar as cousas? E aquí quixera dar unha anécdota da miña parte. Resulta que eu, a miúdo ía mercar a Alcampo en Vigo e tódolos letreiros, por exemplo os que tiña ese establecemento estaban en castelán. Empecei a queixarme, a escribirlle cartas á empresa queixándome de por que non empregaban o galego. E ó principio escribíanme de volta en galego, de feito, dicíndome que non estaban obrigados por lei a poñer os anuncios en galego. O certo é que ó cabo duns anos empezaron a poñer todo en galego e de feito

hoxe en día o Alcampo da Avenida de Madrid, en Vigo, ten tódolos anuncios, polo menos en canto a onde están os productos, tanto en castelán como en galego. Eu non sei se iso foi o resultado da miña queixa en particular, creo que non, por suposto, pero seguro que houbo moita outra xente que se queixou. Entón eu o que quero, este é un exemplo claro; eu penso que o papel que temos os galegos de a pé é queixarnos constantemente de que non se emprega o galego nun ámbito determinado pero constantemente. É unha batalla que resulta moi difícil porque leva tempo, etc. Pero eu penso que isto é algo positivo que podemos facer nós e que demostra a presión social.

MANUEL RIVAS

Moi ben ¿Máis intervencións? Esto vai moi ben, vai moi interesante. Eu non sei porque non falades máis, a ver.

Se non hai ninguén que pida a palabra, pois por suposto…

MARGARITA NEIRA

Imos ver, é que entronca un pouco co das subvencións e co que dicía antes Rosario Álvarez e tamén co que dixo Ferro –parece que é o que falou antes–, é dicir, hai un periódico que se chama *O Correo Galego*, que non sei se leva dous ou tres anos de existencia, non sei cantos son. Segundo Rosario Álvarez, permítaseme a licencia, a profesora Álvarez di que é malo, efectivamente é un periódico malo, eu estou de acordo completamente con ela. A min non me dan ganas de comprar *O Correo Galego,* case nunca o compro. En cambio o profesor Ferro militantemente compra, ¡como é el, ademais, Ferro compra sempre *O Correo Galego*, só faltaría! Entón o que pregunto é: ¿Por que ese periódico é malo? *O Correo Galego*, creo que é un periódico, eu non son periodista pero polo que oio pola rúa e ese periódico está subvencionado na súa totalidade ou na súa práctica totalidade polo poder. Entón ¿Que pasa con ese periódico? Que é un periódico acrítico. Soamente de vez en cando algún periodista ousado e atrevido deixa pasar algunhas cousas. É unha prensa amordazada porque o poder paga –"Y el que paga manda".

Esto era o que tiña que dicir.

MANUEL RIVAS

Si, ten Juan Cueto a palabra.

JUAN CUETO

Me gustaría discrepar muy amablemente del asunto. Es decir, una lengua que tiene problemas –y los tiene, por lo menos por eso estamos aquí– como se haga esas distinciones de que todo vehículo en la lengua del país tiene que tener unos contenidos críticos, esa lengua, entonces, queda reducida al *ghetto*. También decía usted ahí arriba…Y eso plantea el problema, es decir, según esa regla de tres, todos los que habíamos

hablado antes de la normalización en Cataluña que viene por esa conjunción de los líderes de opinión y de los movimientos populares y que se cristaliza en que consumen lo mismo que los de Francia, y que los de España, *Jurassic Park* en catalán, los vídeos no sé que, nunca se podría haber dado, nunca. Evidentemente que estamos por una cultura crítica o cierta gente de las que está aquí, en su mayoría, supongo, pero bueno, no seamos dogmáticos, una mayoría estamos por una conciencia crítica, por una cultura crítica, pero ese es otro problema. El problema que tiene una lengua es que tiene que sobrevivir a vida o muerte y como no utilice no ya los novísimos cauces de los que yo hablé, sino los cauces actuales de masas, esa lengua queda en un *ghetto* y quedará siempre, de ahí que sea como cuando éramos pequeños y decíamos "dialéctico el asunto". No sé, yo no conozco *El Correo,* no lo leo y no sé si a lo mejor es demasiado esfuerzo militante comprarlo, no sé si… abonarse a eso. En fin, nos hemos abonado a cosas mucho peores en la época… Lo que quiero decir es que hay que tener cuidado y Margarita Ledo habló antes también de lo de la Escuela de Frankfurt de algo que nos vino de la Escuela de Frankfurt de que sólo hay que aceptar los productos críticos para que esos productos sean normalizados. Pero en el caso de una lengua eso es suicida porque si empezamos a hablar de productos críticos que funcionan en este país te digo que este país tiene una tirada en libros críticos que no llega, este país, España, a 3.000 ejemplares que las películas críticas españolas tal. Y, evidentemente se trata de salir del *ghetto*.

MARGARITA NEIRA

La Voz de Galicia que está escrita en castelán, con algunha salpicadura subvencionada, por suposto, non é mellor que *O Correo Galego.*

JUAN CUETO

No, si el problema de la subvención siempre es el mismo. El que da la subvención tiene luego gran asunto de manipulación pero también se puede doblar el asunto.

MANUEL RIVAS

Ben, gustaríanos que eses murmurios así se convertesen en intervencións.

Hai máis peticións por aí. Si, Antón.

Ben, a intervención de Antón era para comunicarnos que estamos fóra de hora e, en fin, que foi moi agradable estar por aquí e xa nos veremos noutra ocasión.

Saúde, Terra e ata outra.